



DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

Asunto: Modificación data celebración pleno ordinario do mes de maio de 2023.

Por acordo do Pleno da Corporación en sesión do 1 de xullo de 2019, acordouse establecer o réxime periódico de celebración das sesións ordinarias de este órgano – Pleno- , para o primeiro xoves de cada mes ás 20 horas; agás que coincida en festivo que se trasladará ao xoves hábil seguinte.

Visto o estipulado no Regulamento Orgánico Municipal, que di que o Presidente da Corporación por propia iniciativa ou por causa xustificada poderá variar o día ou a hora dalgunha sesión; comunicándollos aos interesados e publicando o cambio no taboleiro de anuncios municipal, coa maior anticipación posible.

Visto consenso da maioría dos concelleiros aistentes ao último Pleno, a proposta do Alcalde, realízase cambio de data do Pleno ordinario de maio ao día anterior, 3 de maio de 2023.

Esta Alcaldía, en virtude das atribucións que ten conferidas por Lei, **ACORDA:**

Primeiro.- Cambiar a data do pleno ordinario de maio de 2023 para o vindeiro mércores, día 3 de MAIO ÁS 10 HORAS E 30 MINUTOS NO SALÓN DE SESIÓN DA CASA DO CONCELLO.

Segundo.- Téñase en conta dito cambio de data na secretaría municipal, para a correspondente convocatoria que suporía convocar o pleno no vindeiro venres día 28 de abril.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución aos membros da Corporación e publíquese no Taboleiro de Anuncios e na web municipal para xeral coñecemento.

/Documento asinado polo sr. Alcalde na marxe esquerda do mesmo/